

Bases da promoción “VIVE UN VERÁN ESTRELA” – CATÁLOGO DE REGALOS

1. **OBJECTO** O CCA Estrela de Marín, desenvolverá do 1 de xuño de 2026 ao 11 de xullo de 2026, ambos inclusive, a promoción “VIVE UN VERÁN ESTRELA” (de aquí en adiante CAMPAÑA). Esta Campaña pretende transmitir aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados adheridos, ofrecendo a posibilidade de acadar centos de regalos promocionais.
2. **ÁMBITO DA PROMOCIÓN** Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas no Centro Comercial Aberto, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos se atopen abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado). Un establecemento que non participe na campaña non poderá acumular puntos para conseguir os regalos do comercio local entregados na campaña. As bases estarán publicadas e dispoñibles nas páxinas webs www.estrelademarin.gal e www.comerciodemarin.com.
3. **PREMIOS** Os premios que constitúen a presente campaña consisten en elementos de regalo promocional do comercio local de Marín que serán entregados xunto coas compras realizadas nos establecementos adheridos á campaña. As persoas participantes poderán escoller o seu regalo-promocional de entre un catálogo de regalos ao que accederán en función do gasto realizado nos comercios participantes.
4. **LÍMITE REGALOS** Establécese un límite de 6 regalos por cliente.
5. **DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN.** A presente, trátase dunha promoción dirixida aos clientes-consumidores das empresas asociadas adheridas ao sistema de Fidelización do Comercio Local de Marín. Pode participar calquera persoa física que realizara algunha compra ou servizo no comercio ou empresa asociada participante no sistema de fidelización do comercio local durante o período de vixencia da promoción (do 1 de xuño de 2026 ao 31 de agosto de 2026, ambos inclusive, ou ata esgotar os regalos publicitarios. A campaña rematará cando se de calquera destas dúas condicións). A cada cliente por cada compra, acumula puntos polas mesmas. **Cada 2€ de compra equivale a 1 punto.**
6. **ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES**

Consulta na seguinte ligazón os establecementos participantes:

[Directorio de establecementos | Comercio de Marín](#)